BOP DEPUTACIÓN DE LUGO

MÉRCORES, 18 DE NOVEMBRO DE 2026 N.º 265

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

ELECCIÓNS ÁS CORTES XERAIS DE 29 DE NOVEMBRO DE 2026

XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE LUGO

Anuncio

FERNANDO VÁZQUEZ ORGE, SECRETARIO DE LA JUNTA ELECTORAL DE ZONA DE LUGO.

HAGO SABER, que habiendo sido convocadas Elecciones Generales, que se celebrarán el próximo día 29 de noviembre de 2026 y en cumplimiento de la legislación electoral vigente, ha quedado constituida la Junta Electoral de Zona de Lugo de la siguiente manera:

PRESIDENTA: Dª PAULA MARÍA BERMÚDEZ FERNÁNDEZ, Magistrada-Juez de la Plaza nº 3 de la Sección Civil del Tribunal de Instancia de Lugo.

VOCAL: D. IVÁN BARALLOBRE SÁNCHEZ, Magistrado-Juez de la Plaza nº 4 de la Sección Civil del Tribunal de Instancia de Lugo.

VOCAL: D. JOAQUÍN BRAGE CAMAZANO, Magistrado-Juez de la Plaza nº 1 de la Sección de Instrucción del Tribunal de Instancia de Lugo.

VOCAL NO JUDICIAL: D. JOSÉ LUIS FARIÑAS RIO

VOCAL NO JUDICIAL: D. ANGEL VAZQUEZ MOURENZA

SECRETARIO: D. FERNANDO VÁZQUEZ ORGE, Letrado Director del Servicio Común General del Tribunal de Instancia de Lugo.

Lo que se hace público para general conocimiento.

Lugo, doce de noviembre de dos mil veintiséis.- El secretario de la Junta Electoral de Zona, Fernando Vázquez Orge.

R. 3132

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2026/CON_02/000103.- A PONTENOVA.- Rehabilitación de firme LU-P-4808 "Pontenova (N-640) – Vilaouriz – N-640", p.k. 2+235 a 4+610

2026/CON_02/000104.- SARRIA - LÁNCARA.- Rehabilitación de firme LU-P-5701 "Sarria (LU-636) - Céltigos - Armea (LU-622)", pk 1+560 a 8+995

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial https://portaltransparencia.deputacionlugo.org

Anuncio publicado en: Num BOP 265 año 2026 (18/11/2026 08:00:00)

Lugo, 16 de novembro de 2026.- O secretario xeral, P.S. a secretaria-interventora – xefa do servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Leticia Rodríguez Díaz.

R. 3152

SECRETARÍA XERAL. SECCIÓN DE PATRIMONIO

Anuncio

Por Resolución da Presidencia de data 02 de outubro de 2026, procédese á convocatoria pública do procedemento de concorrencia pública para o alleamento de diversas cabezas de gando mediante a celebración dunha poxa, e da súa adxudicación, que se rexerá polo seguinte prego de cláusulas.

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN NO PROCEDEMENTO PARA O ALLEAMENTO DE DIVERSAS CABEZAS DE GANDO DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO

De conformidade ás previsións contidas na Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas e o seu regulamento de aplicación, aprobado polo Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto e do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Administracións Locais, procedese a establecer as bases que rexerán o alleamento dun lote de animais, o que supón un total de 12 bovinos de raza cachena e 3 cabezas de gando equino, de titularidade provincial mediante a celebración de poxa pública para cuxo fin redactase o prego reitor coas condicións xerais que servirán para o seu outorgamento e adxudicación e disposto segundo o seguinte ÍNDICE:

Cláusula 1. Obxecto do procedemento.

Cláusula 2. Réxime xurídico

Cláusula 3. Capacidade para contratar.

Cláusula 4. Procedemento de alleamento.

Cláusula 5. Convocatoria da poxa.

Cláusula 6. Tipo mínimo de adxudicación.

Cláusula 7. Gastos esixibles ao adxudicatario

Cláusula 8. Forma de presentación das solicitudes de participación.

Cláusula 9. Mesa de poxa.

Cláusula 10. Cualificación previa da documentación administrativa.

Cláusula 11. Desenvolvemento da poxa.

Cláusula 12. Pagamento.

Cláusula 13. Proposta de adxudicación.

Cláusula 14. Falta de poxa.

Cláusula 15. Formalización da transmisión.

Cláusula 16. Xurisdición Competente.

Cláusula 1. Obxecto do procedemento.

É obxecto do presente procedemento o alleamento, por medio de poxa pública á alza e de xeito individualizado, dun lote de gando, que supón un total de 12 bovinos de raza cachena e 3 cabezas de gando equino que forman parte do fato de gando existente na Granxa Provincial Gayoso Castro que se declaran excedentes no censo de animais segundo relación de semoventes que se xunta (ANEXO I. RELACIÓN DE SEMOVENTES OBXECTO DE POXA).

Tendo en conta o tempo de tramitación do expediente, cada un dos animais encadrarase no lote correspondente o día sinalado para a poxa, e a Mesa da Poxa indicará o lote que corresponde a cada animal antes do comezo da poxa pública, e o prezo de saída será o correspondente a cada lote.

Se algún dos animais obxecto de poxa parira no tempo transcorrido durante a tramitación do expediente, as crías que teñan ata 6 meses de idade no momento de celebración da poxa, allearanse xunto coa nai e incorporaranse ao lote correspondente en cada caso.

No caso dos animais nacidos de nais obxecto da poxa, que naceran no tempo transcorrido durante a tramitación do expediente que teñan no momento de celebración da poxa unha idade superior a 6 meses, de ser femias non se procederá ao seu alleamento. No caso dos machos será decisión da Mesa da poxa proceder ou non ao seu alleamento por motivos de sanidade, saúde, benestar ou por necesidades de xestión da explotación,

Anuncio publicado en: Num BOP 265 año 2026 (18/11/2026 08:00:00)

incorporándose de ser o caso no lote correspondente e o prezo de saída será o que corresponda ao dito lote, do que informará a Mesa da poxa antes do comezo da mesma.

Se no día sinalado para a poxa algún dos animais incluídos no ANEXO I non estivese en condicións axeitadas para o transporte e/ou motivos de saúde ou benestar non recomendaran o seu alleamento, a Mesa da poxa informará antes do comezo da poxa da retirada do dito animal ou animais da poxa pública.

A Mesa da poxa informará da retirada da poxa pública do animal ou animais que de ser o caso, por motivo de morte ou causa sobrevida, non se poida proceder ao seu alleamento.

Se por razóns de sanidade, benestar, saúde ou motivos relacionados coa xestión da explotación fose recomendable e/ ou necesario o alleamento dalgún animal da explotación no momento de celebración da poxa que non estivese incluído no ANEXO I (RELACIÓN DE SEMOVENTES BOVINOS OBXECTO DE POXA) , a Mesa da poxa informará antes do comezo da mesma, dos animais dos que se procederá ao seu alleamento, que se incorporarán ao lote que corresponda en cada caso, sendo o prezo de saída o correspondente ao dito lote .En calquera caso os animais que sexan obxecto de poxa deberán estar inscritos no Inventario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, agás que se trate de crías recén nacidas que por razóns de benestar animal e saúde se deban allear coa nai no lote que corresponda.

No caso de que algunha das femias incluídas no ANEXO I, que resultaran adxudicadas na poxa pública ,parira entre o día sinalado para a poxa e o día acordado para a entrega dos animais, os fillos acompañarán á nai por motivos de saúde e benestar, manténdose o prezo de adxudicación, aínda que estes non figuren inscritos no Inventario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Se por causas sobrevidas, dende o día sinalado para a poxa ata o día acordado para a entrega dos animais , estes sufriran un accidente ou enfermidade que lles ocasionara un traumatismo ou lesión de menor ou maior gravidade , incluso con resultado de morte , o adxudicatario poderá renunciar, de ser o caso, á adxudicación do animal, e a Deputación provincial procederá á devolución do importe aboado polo lote correspondente.

Cláusula 2. Réxime xurídico.

- Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lexislación básica e de aplicación xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.- LPAP-
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.-RBEL-
- A lexislación autonómica de réxime local Lei 5/97 do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e a Lei 6/2023 do 2 de novembro do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lexislación non básica da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e o seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto.
- E suplementariamente a Lei 9/2017, do 8 do novembro, de Contratos do Sector Público e demais normativa xeral de carácter administrativo ou civil.

Ademais, as partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste prego de condicións e a presentación de ofertas implica a aceptación de todos os seus extremos.

Cláusula 3. Capacidade para contratar.

Poderán concorrer á presente licitación por si o mediante representación, as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que conten coa plena posesión da súa capacidade de obrar e non se atopen comprendidas en ningunha das circunstancias que sinala o artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As empresas poderán acreditar o cumprimento dos requisitos de capacidade, solvencia e non estar incursos en prohibicións para contratar, mediante a presentación dunha declaración responsable do representante da empresa ou da persoa física licitante na que declare que o mesmo ou a empresa á que representa reúne os requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa administración, incluíndo unha referencia expresa a encontrase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Achégase, como ANEXO III a este prego o modelo de declaración responsable.

Os documentos acreditativos da personalidade e capacidade solo serán esixidos a quen resulte proposto como adxudicatario.

Quedaran excluídas do procedemento as proposicións presentadas por licitadores que non reúnen os requisitos de capacidade e solvencia ou non aporten ou emenden a documentación acreditativa da súa personalidade, capacidade e/ou solvencia.

Anuncio publicado en: Num BOP 265 año 2026 (18/11/2026 08:00:00)

Cláusula 4. Procedemento de alleamento.

O presente procedemento de alleamento efectuarase en réxime de concorrencia, mediante poxa pública á alza ou ascendente de xeito que comenzará por un prezo de saída que se irá incrementando a través de sucesivas poxas ata que quede un único participante ao que se adxudicará o exemplar interesado ao prezo de remate ou prezo da última poxa realizada polo mellor ofertante e por tanto este será o prezo que terá que pagar o comprador, excluído os impostos pertinentes e os gastos de transporte ou doutra índole.

A poxa será en vivo e a man alzada na que se poxará en cada momento e de xeito individualizado polo exemplar que se está licitando.

Cada proposta de incremento do prezo a man alzada será por unha cantidade fixa segundo establece a cláusula 11.

Anotáranse as tres ofertas de maior cantidade, tal que se por calquera circunstancia, desistido, renuncia ou incumprimento, non se poida proceder á adxudicación á oferta máis alta, procederase á adxudicación á seguinte oferta máis elevada.

Cláusula 5. Convocatoria da poxa.

A referida poxa celebrarase nas instalacións da Granxa Provincial Gayoso Castro situada no Concello de Castro de Rei en Lugo, a cuxos efectos a coordinación e asistencia será realizada por persoal adscrito á Granxa Provincial.

Ao tratarse dun contrato patrimonial que se realiza a través dunha poxa presencial e a viva voz, a convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia . A poxa celebrarase ás 10:00 horas do décimo día natural, ou o seguinte día hábil, a contar dende o seguinte á dita publicación.

Cláusula 6. Tipo mínimo de adxudicación.

Cada cabeza de gando adxudicarase a favor de quen presente a oferta mais vantaxosa sobre o prezo que para cada exemplar se sinala a continuación:

LOTES	PREZOS SAÍDA
LOTE 1 FRISONAS. Femias de vacún maior de raza frisona (Vacas)	750,00€/animal
LOTE 2 FRISONAS. Vacas de desfeito de raza frisona	250,00€/ animal
LOTE 1 CACHENA. Machos cachenos de menos de 24 meses. Sementais	260,00 €/animal
LOTE 2 CACHENA. Xovencas cachenas de mais de 12 meses e ata 36 meses (sen cría ao pé).	380,00 €/animal
LOTE 3 CACHENA. Vacas cachenas de mais de 36 meses (sen cría ao pé)	380,00 €/animal
LOTE 4 CACHENA. Xovencas cachenas de mais de 12 meses e ata 36 meses con cría ao pé (crías de menos de 6 meses)	600,00€/animal
LOTE 5 CACHENA. Vacas cachenas de mais de 36 meses con cría ao pé (crías de menos de 6 meses)	600,00€/animal
Lote 1 de Gando cabalar. Poldros de recría machos/femias de Pura Raza Galega (PRG) de ata 24 meses de idade.	375,00€/ animal
Lote 2 de Gando cabalar. Poldros mestizos de ata 24 meses de idade.	200,00€/ animal

Por debaixo do prezo mínimo establecido para cada exemplar non se efectuará ningunha adxudicación.

A oferta económica consistirá unicamente en diñeiro metálico e non se admitirá aprazamento no pagamento.

Cláusula 7. Gastos esixibles ao adxudicatario.

Para tomar parte na poxa non se esixirá aos licitadores a constitución de garantía.

Serán por conta do adxudicatario os impostos pertinentes e os gastos derivados de transporte ou doutra índole.

Cláusula 8. Forma de presentación das solicitudes de participación.

Os licitadores que concorran á poxa a mao alzada aportará ante a Mesa de poxa a seguinte documentación de carácter xeral referente ás condicións para ser admitido ao procedemento:

- a) Solicitude, de acordo co Anexo II.
- b) Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro ou representen a unha persoa xurídica, deberán acompañar o documento que acredite a dita representación por calquera medio medio válido en dereito e que

Anuncio publicado en: Num BOP 265 año 2026 (18/11/2026 08:00:00)

deixe constancia fidedigna da súa existencia e de conformidade ao establecido no artigo 5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- c) Declaración responsable de non atoparse en causa de prohibición ou incompatibilidade, en situación de seren declaradas ou solicitaran concurso de acredores, fosen declaradas insolventes en calquera procedemento, estean suxeitas a intervención xudicial ou fosen inhabilitadas conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, de 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal e de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de non ter débedas pendentes coa Comunidade Autónoma Galega e coa Deputación Provincial de Lugo e, de ser o caso, de estar ao corrente de pagamento coas obrigas da Seguridade Social. Anexo III.
- d) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación: Que autorizo expresamente a que as comunicacións e notificacións que realice a Deputación de Lugo en relación a este procedemento sexan efectuadas a través da sede electrónica e ou na seguinte dirección de correo electrónico : .....

En ....., ... de ..... de 202-

O interesado,

Cláusula 9. Mesa de poxa.

O órgano de adxudicación estará asistido pola Mesa de poxa que que será o órgano competente para a cualificación e comprobación da documentación achegada polos interesados e para elevar posteriormente a correspondente proposta de adxudicación e estará composta polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

Titular: A Directora da Granxa Provincial Gayoso Castro, Sonia Verdes Gil.

Suplente: Funcionario da Granxa Provincial Gayoso Castro, Gonzalo Rodríguez Ferreiro

VOGAL:

Titular: Funcionario da Granxa Provincial Gayoso Castro, Manuel Doval Arza

Suplente: Funcionaria da Granxa da Deputación Provincial Gayoso Castro, Carmen Rodríguez Iglesias

SECRETARIO:

Titular: O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero

Suplente: A xefa da Sección de Patrimonio, Ana María Vila Vázquez

Cláusula 10. Cualificación previa da documentación administrativa.

Previa á celebración da poxa a mao alzada a Mesa realizará o exame da documentación de carácter xeral.

Examinada esta documentación, determinarase se existe algunha causa de exclusión por incumprimento dos requisitos contidos no presente prego de condicións. De existir, a Mesa excluirá do procedemento ao ofertante, salvo que o defecto, omisión ou erro material fora emendable no mesmo día da celebración da poxa, baixo apercibimento de exclusión definitiva da poxa. Non se admitirá ningunha emenda fóra do indicado prazo, declarándose a non admisión á poxa das mesmas mediante resolución motivada.

As proposicións non admitidas quedarán excluídas do procedemento de selección e adxudicación.

Cláusula 11. Desenvolvemento da poxa.

No día e hora sinalados o Presidente da Mesa declara aberta a poxa comunicándoo así ao público e recibirá as identificacións dos participantes e a documentación de carácter xeral.

A cada participante asignaráselle un número por orde de entrega da documentación na Mesa da Poxa.

Antes do comezo da poxa informarase aos participantes do desenvolvemento da poxa:

- Asignación do lote correspondente a cada animal obxecto da poxa que figuren no ANEXO I. (RELACIÓN DE SEMOVENTES OBXECTO DE POXA).

- Animais incorporados que non figuren no presente prego, asignación do lote correspondente e o seu prezo de saída.

- De ser o caso, aclaracións respecto ás características específicas dalgún animal.

O tramo de poxa, cantidade fixa en euros, sen decimais, na que se incrementará o prezo de saída por cada postura a man alzada dun dos participantes será de **50 euros**.

Se algún dos animais obxecto de poxa parira no tempo transcorrido durante a tramitación do expediente, as crías que teñan ata 6 meses de idade no momento de celebración da poxa, allearanse xunto coa nai e incorporaranse ao lote correspondente en cada caso.

Anuncio publicado en: Num BOP 265 año 2026 (18/11/2026 08:00:00)

No caso dos animais nacidos de nais obxecto da poxa, que naceran no tempo transcorrido durante a tramitación do expediente que teñan no momento de celebración da poxa unha idade superior a 6 meses, de ser femias non se procederá ao seu alleamento. No caso dos machos será decisión da Mesa da poxa proceder ou non ao seu alleamento por motivos de sanidade, saúde, benestar ou por necesidades de xestión da explotación, incorporándose de ser o caso no lote correspondente e o prezo de saída será o que corresponda ao dito lote, do que informará a Mesa da poxa antes do comezo da mesma.

Se no día sinalado para a poxa algún dos animais incluídos no ANEXO I non estivese en condicións axeitadas para o transporte e/ou motivos de saúde ou benestar non recomendaran o seu alleamento, a Mesa da poxa informará antes do comezo da poxa da retirada do dito animal ou animais da poxa pública.

A Mesa da poxa informará da retirada da poxa pública do animal ou animais que de ser o caso, por motivo de morte ou causa sobrevida, non se poida proceder ao seu alleamento.

Se por razóns de sanidade, benestar, saúde ou motivos relacionados coa xestión da explotación fose recomendable e/ ou necesario o alleamento dalgún animal da explotación no momento de celebración da poxa que non estivese incluído no ANEXO I (RELACIÓN DE SEMOVENTES BOVINOS OBXECTO DE POXA) , a Mesa da poxa informará antes do comezo da mesma, dos animais dos que se procederá ao seu alleamento, que se incorporarán ao lote que corresponda en cada caso, sendo o prezo de saída o correspondente ao dito lote .En calquera caso os animais que sexan obxecto de poxa deberán estar inscritos no Inventario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, agás que se trate de crías recén nacidas que por razóns de benestar animal e saúde se deban allear coa nai no lote que corresponda.

No caso de que algunha das femias incluídas no ANEXO I , que resultaran adxudicadas na poxa pública ,parira entre o día sinalado para a poxa e o día acordado para a entrega dos animais, os fillos acompañarán á nai por motivos de saúde e benestar, manténdose o prezo de adxudicación, aínda que estes non figuren inscritos no Inventario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Se por causas sobrevidas, dende o día sinalado para a poxa ata o día acordado para a entrega dos animais , estes sufriran un accidente ou enfermidade que lles ocasionara un traumatismo ou lesión de menor ou maior gravidade, incluso con resultado de morte , o adxudicatario poderá renunciar, de ser o caso, á adxudicación do animal, e a Deputación provincial procederá á devolución do importe aboado polo lote correspondente.

Comezada a licitación non se recibirá e non se admitirá ningunha solicitude de participación.

Durante a licitación, admitiranse as posturas que gradualmente melloren o tipo, ata que deixen de facerse proposicións, declarando como mellor rematante ao licitador que fixera a postura máis elevada.

Non obstante anotáranse as tres ofertas de maior cantidade. No caso de que por calquera circunstancia, desistido, renuncia ou incumprimento, non se poida proceder á adxudicación á oferta máis alta, procederase á adxudicación á seguinte oferta máis elevada.

De non cumprimentarse adecuadamente o requisitos expostos neste prego, entenderase que o licitador retira a oferta, ou nos casos de desistir ou retirarse o licitador, ou o incumprimento do disposto nas cláusulas 12, 13 e 15, en todos estes casos continuarase co licitador seguinte, pola orde no que quedaran clasificadas as ofertas.

Cláusula 12. Pagamento.

A oferta económica consistirá unicamente en diñeiro metálico, e non se admitirá aprazamento no pagamento, que se fará efectivo mediante ingreso do prezo na Tesourería Provincial da Deputación Provincial de Lugo no número de conta sinalado ao efecto ao remate da poxa, no prazo dos dez días seguintes á notificación da adxudicación.

Coa presentación do xustificante bancario do ingreso realizado a nome desta Deputación Provincial o adxudicatario procederá a retirar o exemplar adxudicado o día e hora acordados coa organización da Granxa Gayoso Castro.

No suposto de que non se efectúe o pagamento no dito prazo entenderase que desiste da solicitude realizada, decaendo de todos os dereitos derivados da participación no procedemento de alleamento.

Procedéndose nese caso á tramitación necesaria co licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Cláusula 13. Proposta de adxudicación.

Rematada a poxa, se o licitador que presentou a oferta mas vantaxosa non autorizou a esta Deputación Provincial para solicitar os certificados relativos as obrigas tributarias ou coa Seguridade Social, a Mesa requirirao para que presente a seguinte documentación, que poderá ser expedida por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos:

a) Obrigas Tributarias.

- Certificación positiva, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.

- Certificación positiva, expedida pola Administración Tributaria da Xunta de Galicia, xustificativa da inexistencia coa Administración Autonómica de débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de

Anuncio publicado en: Num BOP 265 año 2026 (18/11/2026 08:00:00)

contribuíntes contra os que non proceda a utilización da vía de constrinximento, débedas non atendidas en período voluntario.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Admón. de esta Deputación polo que acredite non ter débedas en período executivo con esta.

b) Obrigas coa Seguridade Social.

- Certificación positiva, expedida pola Tesouraría Territorial da Seguridade Social, de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.

c) Outra documentación.

Calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar coas Administracións Públicas e/ou de calquera outra circunstancia que lle reclame o órgano competente.

De non se cumprimentar axeitadamente este requirimento, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Comprobada a dita documentación e individualmente por cada exemplar licitado, a Mesa fará unha proposta de adxudicación ao Órgano Competente a favor das poxas que, axustándose ao presente prego de condicións, se formularon no seu día conforme aos requisitos esixidos e resultaran mais favorables. Dita proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do licitador proposto.

O órgano competente poderá, sempre antes de proceder á adxudicación, renunciar a/s adxudicación/s por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente, ou desistir do procedemento en caso de producirse unha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

Cando o órgano competente non adxudique o referido ben de acordo coa proposta formulada pola Mesa deberá motivar a súa decisión. O órgano competente deberá proceder á adxudicación dentro dos quince días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarse aos candidatos ou licitadores e procederase a asinar o documento administrativo de venta.

Cláusula 14. Falta de poxa.

Despois da celebración da licitación, cando non fosen adxudicados todos os semoventes, fora declarada falida ou deserta a poxa, o órgano competente poderá acordar o seu alleamento mediante adxudicación directa nas mesmas condicións e polo prezo de saída fixado neste prego.

Cláusula 15. Formalización da transmisión.

A transmisión de titularidade sobre a cabeza de gando adxudicado entenderase perfeccionada pola firma da acta de entrega do mesmo entre o adxudicatario e esta Entidade Provincial e coa presentación do xustificante bancario do ingreso realizado a nome desta Deputación Provincial no prazo establecido.

Se o solicitante non se presenta á firma da acta de recepción ou non efectúe o pagamento no prazo sinalado entenderase que desiste da solicitude realizada, decaendo de todos os dereitos derivados da participación no procedemento de alleamento.

Neste caso continuarase a tramitación necesaria co licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Cláusula 16. Xurisdición Competente.

As diferenzas que poidan xurdir entre a Deputación de Lugo e o adquirente en canto á interpretación, modificación, resolución e efectos deste prego de condicións da presente transmisión serán resoltas polo respectivo órgano provincial poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Todos os litixios, preitos ou cuestións xudiciais que deriven desta transmisión de titularidade someteranse aos Tribunais competentes con xurisdición en Lugo.

Lugo, 6 de outubro de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

ANEXO I. RELACIÓN DE SEMOVENTES OBXECTO DE POXA

RELACIÓN DE SEMOVENTES BOVINOS OBXECTO DE POXA

Crotal/ NPU	Sexo	Raza	Data nacemento	Expl. Nacemento	Crotal da nai
ES221100130544	Macho	Cachena	17/08/2025	ES270100127901	ES071112905923

Anuncio publicado en: Num BOP 265 año 2026 (18/11/2026 08:00:00)

ES001114995731	Macho	Cachena	02/06/2025	ES270100127901	ES071112748122
ES081114461321	Femia	CACHENA	22/01/2024	ES270100183701	ES061113699227
ES021114461325	Femia	CACHENA	01/04/2024	ES270100183701	ES061113699238
ES041114461327 (**)	Femia	CACHENA	03/04/2024	ES270100183701	ES071113699239
ES031114631971	Femia	CACHENA	03/06/2024	ES270100183701	ES041113398750
ES061114631974	Femia	CACHENA	31/07/2024	ES270100127901	ES071112748122
ES221100470211 (***)	Macho	CACHENA	06/06/2026	ES270100127901	ES061114631974
ES041113398750	Femia	CACHENA	17/02/2021	ES270100127901	ES031112099193
ES081114187639	Femia	Cachena	22/04/2023	ES270100127901	ES031112366619
ES051114973516 (**)	Femia	CACHENA	21/03/2025	ES270100127901	ES071113699239
ES071113699239 (*)	Femia	CACHENA	25/02/2022	ES270100127901	ES031112099193

(*) Animal positivo a Neosporose bovina. Animal non apto para vida. Destino a sacrificio

(**) Femias fillas dun animal positivo a Neosporose bovina. Pendente de análise para confirmación do positivo a Neosporose bovina.

(***) O animal con identificación ES221100470211, é fillo da femia con identificación ES061114631974, e allearase dependendo do tempo de tramitación do expte. , no lote que se asignará na data de celebración da poxa segundo corresponda no disposto no prego de cláusulas administrativas particulares e demais documentación administrativa que rexerá o procedemento.

RELACIÓN DE SEMOVENTES EQUINOS OBXECTO DE POXA

Crotal/NPU	Sexo	Raza	Data nacemento	Expl. Nacemento	Nome	Identificación electrónica
724007001250003	Macho	Cabalo De Pura Raza Galega	22/04/2025	ES270100179301	GAYOSO CASTRO ABRIL	10010000724110000501892
724911270022790	Femia	Conxunto Mestizo	23/04/2025	ES270100179301	ESTRELLA	1001000072411000399872
724911270023249	Macho	Conxunto Mestizo	03/05/2025	ES270100179301	GAYOSO CASTRO MAIO	1001000072411000384248

Tendo en conta o tempo de tramitación do expediente, cada un dos animais encadraráse no lote correspondente o día sinalado para a poxa, e a Mesa da Poxa indicará o lote que corresponde a cada animal antes do comezo da subasta pública, e o prezo de saída será o correspondente a cada lote.

Se algún dos animais obxecto de poxa parira no tempo transcorrido durante a tramitación do expediente, as crías que teñan ata 6 meses de idade no momento de celebración da poxa, allearanse xunto coa nai e incorporaranse ao lote correspondente en cada caso.

No caso dos animais nacidos de nais obxecto da poxa, que naceran no tempo transcorrido durante a tramitación do expediente que teñan no momento de celebración da poxa unha idade superior a 6 meses, de ser femias non se procederá ao seu alleamento. No caso dos machos será decisión da Mesa da poxa proceder ou non ao seu alleamento por motivos de sanidade, saúde, benestar ou por necesidades de xestión da explotación, incorporandose de ser o caso no lote correspondente e o prezo de saída será o que corresponda ao dito lote, do que informará a Mesa da poxa antes do comezo da mesma.

Se no día sinalado para a poxa algún dos animais incluídos no ANEXO I non estivese en condicións axeitadas para o transporte e/ou motivos de saúde ou benestar non recomendaran o seu alleamento, a Mesa da poxa informará antes do comezo da poxa da retirada do dito animal ou animais da poxa pública.

A Mesa da poxa informará da retirada da poxa pública do animal ou animais que de ser o caso, por motivo de morte ou causa sobrevida, non se poida proceder ao seu alleamento.

Anuncio publicado en: Num BOP 265 año 2026 (18/11/2026 08:00:00)

Se por razóns de sanidade, benestar, saúde ou motivos relacionados coa xestión da explotación fose recomendable e/ ou necesario o alleamento dalgún animal da explotación no momento de celebración da poxa que non estivese incluído no ANEXO I (RELACIÓN DE SEMOVENTES BOVINOS OBXECTO DE POXA) , a Mesa da poxa informará antes do comezo da mesma, dos animais dos que se procederá ao seu alleamento, que se incorporarán ao lote que corresponda en cada caso, sendo o prezo de saída o correspondente ao dito lote .En calquera caso os animais que sexan obxecto de poxa deberán estar inscritos no Inventario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, agás que se trate de crías recén nacidas que por razóns de benestar animal e saúde se deban allear coa nai no lote que corresponda.

No caso de que algunha das femias incluídas no ANEXO I , que resultaran adxudicadas na poxa pública ,parira entre o día sinalado para a poxa e o día acordado para a entrega dos animais, os fillos acompañarán á nai por motivos de saúde e benestar, manténdose o prezo de adxudicación, aínda que estes non figuren inscritos no Inventario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Se por causas sobrevidas, dende o día sinalado para a poxa ata o día acordado para a entrega dos animais , estes sufriran un accidente ou enfermidade que lles ocasionara un traumatismo ou lesión de menor ou maior gravidade, incluso con resultado de morte , o adxudicatario poderá renunciar, de ser o caso, á adxudicación do animal, e a Deputación provincial procederá á devolución do importe aboado polo lote correspondente.

Anuncio publicado en: Num BOP 265 año 2026 (18/11/2026 08:00:00)

ANEXO II. SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN AO PROCEDEMENTO CONVOCADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O ALLEAMENTO DE DIVERSAS CABEZAS DE GANDO DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO.

D. _____ con DNI: _____

e con domicilio a efectos de notificacións en _____ Nº _____, piso ____

C.P. _____ de _____ actuando no meu propio nome ou no nome e representación de _____,

segundo documentación que acompaña acreditativa da dita representación.

EXPÓN:

Que é súa vontade PARTICIPAR no procedemento convocado pola Deputación de Lugo para o alleamento de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gayoso Castro e, con esa finalidade, aporta a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da representación que ostenta, se fose o caso.

b) Declaración responsable de non atoparse en causa de prohibición ou incompatibilidade, en situación de seren declaradas ou solicitaran concurso de acredores, fosen declaradas insolventes en calquera procedemento, estean suxeitas a intervención xudicial ou fosen inhabilitadas conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, de 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal e de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de non ter débedas pendentes coa Comunidade Autónoma Galega e coa Deputación Provincial de Lugo e, de ser o caso, de estar ao corrente de pagamento coas obrigas da Seguridade Social. De acordo ao Anexo III.

c) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:

Que autorizo expresamente a que as comunicacións e notificacións que realice a Deputación provincial de Lugo en relación a esta concesión demanial sexan efectuadas a través da sede electrónica no seguinte enderezo de correo electrónico: _____

En _____, a ___ de _____ de 202___

Asdo. _____

Anuncio publicado en: Num BOP 265 año 2026 (18/11/2026 08:00:00)

ANEXO III. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.

D. _____ con DNI: _____

e con domicilio a efectos de notificacións en _____ Nº _____, piso ____

C.P. _____ de _____ actuando no meu propio nome ou no nome e representación de _____,

segundo documentación que acompaña acreditativa da dita representación.

Declaro baixo a miña responsabilidade:

1.- Que non estou incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración e que os administradores da persoa xurídica que represento non están incursos en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración das enumeradas no artigo 71 da Lei 9/2017 de 8 de novembro.

2.- Que estou o corrente no pago das obrigas tributarias e de seguridade social, nos termos establecidos polos artigos 13 e 14 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

3.- Que non teño pendente de pago ningunha débeda en período executivo coa Deputación de Lugo.

4.- Que autorizo a esta Deputación Provincial a solicitar os certificados relativos as obrigas tributarias ou coa Seguridade Social.

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para a presentación na licitación para a adxudicación do procedemento convocado pola Deputación Provincial de Lugo para o alleamento de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gayoso Castro.

En _____, a ___ de _____ de 202___

Asdo. _____

Anuncio publicado en: Num BOP 265 año 2026 (18/11/2026 08:00:00)

R. 3125

CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

PROTECCIÓN DE DATOS

En relación coa solicitude de participación no proceso selectivo para a cobertura do posto de conserxe (publicada no BOP nº 260 do 12 de novembro de 2026) enviamos a instancia modificada insertando a cláusula de protección de datos:

Anuncio publicado en: Num BOP 265 año 2026 (18/11/2026 08:00:00)

MODELO DE SOLICITUDE

PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN INTERINA DE CONSERXE POR OPOSICIÓN.

I.- DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI.:	TELÉFONO FIXO:	MÓBIL:
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	MUNICIPIO: PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
CORREO ELECTRÓNICO:		

II.- EXPOÑO:

Informado da convocatoria que realiza o Concello de Castroverde, para unha praza de funcionario de carreira de CONSERXE DE COLEXIO E INSTALAICÓNS MUNICIPAIS por oposición, de acordo ao anuncio de aprobación das bases e convocatoria publicado no BOE, nº _____ de data _____ que declara coñecer e aceptar.

Tendo en conta que cumpro todos os requisitos esixidos na cláusula quinta das bases, comprometéndome a achegar os documentos acreditativos no caso de ser seleccionado e a continuar en posesión dos mesmos ata o nomeamento.

III.- SOLICITO:

1. Ser admitido ao proceso de selección convocado, para o que achega:

- Copia simple do DNI en vigor.
- Xustificante de pago de taxa de participación
- Copia simple da titulación esixida (copia do título académico).
- No seu caso, certificación do correspondente organismo que acredita a discapacidade e base á cal solicita as seguintes adaptacións de tempo ou medios:

  .....
- No seu caso, CELGA 2 ou superior, para quedar exento da realización da proba de coñecemento de galego.
- Certificado Negativo do Rexistro Central de Delincuentes sexuais e Trata de Seres Humanos

2. Realizar as probas en: castelán / galego

Así mesmo, SI / NON AUTORIZA a que lle sexan comunicadas as actuacións do expediente a través do enderezo electrónico arriba indicado.

....., ... de ..... de 202.....

O solicitante,

Asdo: .....

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RXPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Castroverde, con enderezo na Praza do Concello, nº 2, CP 27120, en Castroverde (Lugo). A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o consentimento expreso e explícito que nos outorga mediante a firma do presente documento. Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión da actividade na que se inscribe, facturación e cobro do servizo, así como para a xestión administrativa e contable derivada da actividade solicitada. Os seus datos non se cederán a terceiros, salvo que exista unha obriga legal. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimilos seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar nas oficinas do concello sitas no enderezo enriba indicado ou ben solicitándoa no enderezo electrónico: info@concellodecastroverde.com

Anuncio publicado en: Num BOP 265 año 2026 (18/11/2026 08:00:00)

Castroverde, 13 de novembro de 2026.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 3133

CHANTADA

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2026-1247 do Concello de Chantada de data 12/11/2026 , pola que, unha vez concluído o procedemento selectivo efectuouse o nomeamento de dona Susana Martínez Rodríguez como Técnico de Administración Xeral, escala Administración Xeral, subescala Técnica, subgrupo A1 do Concello de Chantada con cargo a praza vacante incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao exercicio 2026 publicada no Boletín Oficial de Lugo nº 226.

O que se fai público a efectos do previsto nos artigos 62 do Texto refundido do Estatuto básico do empregado público e 60 da Lei do emprego público de Galicia.

Chantada, 13 de novembro de 2026.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3134

FOZ

Anuncio

Aprobación inicial, modificación de crédito 26/2026, modalidade crédito extraordinario e suplemento de crédito 01/2026.

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 13 de novembro do 2026, aprobou inicialmente a modificación de crédito 26/2026 nas modalidades de suplemento de crédito e crédito extraordinario 1/2026.

De acordo co establecido nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo na Intervención Xeral do Concello e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se ao termo do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada dita modificación orzamentaria, tras a súa publicación integra.

Foz, 13 de novembro de 2026.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 3143

GUNTÍN

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO. 1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A. PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2026

O Concello de Guntín por Resolución de Alcaldía de data 10/11/2026 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 12/11/2026 aprobou as bases para seleccionar 1 **PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.**

- Modalidade de contratación: o modelo de contrato será laboral temporal, na modalidade de circunstancias da produción ao amparo do Real Decreto-Lei 32/2021.
- Duración: 6 meses
- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta será de 1.424,50 € incluído o rateo das pagas extras.
- Funcións: propias de Auxiliar Administrativo/a segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio no **BOP DE LUGO**

No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 32 00 88.

Anuncio publicado en: Num BOP 265 año 2026 (18/11/2026 08:00:00)

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: www.guntin.es
- oficinas xerais do Concello de Guntín.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín

Guntín, 12 de novembro de 2026.- O alcalde-presidente, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 3135

LUGO

Anuncio

DECRETO

Excma. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona María Elena Candia López.

Instruído expediente en relación a publicación da relación de aprobados do proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 praza de oficial vixiante recadador/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (OEP 2023).

- Visto que a Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 6 de marzo de 2024, adoptou, entre outros, o acordo o 11/94 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE DE 1 PRAZA DE OFICIAL VIXILANTE RECADADOR/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023).

- Visto que polo Decreto Nº: 2500/2024 do 19/03/2024 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE OFICIAL VIXILANTE RECADADOR/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023).

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 088, de 16 de abril de 2024.

Foi publicado extracto de dita convocatoria no «Diario Oficial da Galicia» número número 99, de 23 de maio de 2024.

- Visto que a Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 24 de abril de 2024 adoptou, entre outros, o acordo 7/184 RECTIFICACIÓN DE DIVERSOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO RELATIVOS Á APROBACIÓN DE BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDADE DE DIVERSAS PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO NO QUE RESPECTA Á COMPOSICIÓN DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES DOS CORRESPONDENTES PROCESOS SELECTIVOS, figurando no punto DÉCIMO SEGUNDO de dito acordo:

DÉCIMO SEGUNDO.- Rectificar o Acordo 11/94 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE DE 1 PRAZA DE OFICIAL VIXILANTE RECADADOR/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 6 de marzo de 2024 e modificado polo Acordo 16/118 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 13 de marzo de 2024, de xeito que onde di:

*"**Secretaria/o**: un funcionario/a do grupo A1 ou A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a por resolución da Alcaldía entre aqueles/as que presten servizos no Concello de Lugo e conten con formación no ámbito xurídico."*

debe dicir:

*"**Secretaria/o**: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue."*

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo núm. 125 de 31 de maio de 2024. Sendo publicados os correspondentes anuncios no DOG número 134, de 11 de xullo de 2024 e no BOE núm. 227 do 19 de setembro de 2024.

O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" núm. 258, do 25 de outubro de 2024.

Con data do 25 de novembro de 2024 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Visto que a Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 18 de febreiro de 2026 adoptou, entre outros, o acordo 15/55 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO A UNHA PRAZA DE OFICIAL VIXIANTE RECADADOR/A EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023)

Anuncio publicado en: Num BOP 265 año 2026 (18/11/2026 08:00:00)

- Visto o ANUNCIO ACTA 7 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN NO PROCESO DE ACCESO EN PROPIEDADE A UNHA PRAZA DE VIXIANTE RECADADOR/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023) de data 26 de outubro de 2026 no cal se fai constar.

"(...)

SEGUNDO.- Resolver a puntuación FINAL de cada aspirante, nos seguintes termos e por orde decrecente.

Apelidos e Nome	*DNI*	*PRIMEIRO EXAME*	*SEGUNDO EXAME*	*TERCEIRO EXAME*	*GALEGO*	*NOTA FINAL PROCESO SELECTIVO*
PORTAS MUINELO, CESAR	****4459***	*9,00*	*9,50*	*9,10*	*EXENTO*	*27,60*
PIN GRAÑA, FERNANDO	****2402***	*7,00*	*7,00*	*5,05*	*EXENTO*	*19,05*
HOEPELMAN SANTANA, ENGELS	****8706***	*7,00*	*5,00*	*6,00*	*APTO*	*18,00*

TERCEIRO.- Dar publicidade á listaxe aprobada con indicación de que conformidade coas Instrucións para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Concello de Lugo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9/10/2019, os aspirantes disporán dun prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións contra as cualificacións finais do proceso selectivo e relación de aprobados, que serán resoltas polo Tribunal.

CUARTO.- Propoñer como aspirante que superou o proceso selectivo a:

Apelidos e Nome	*DNI*	*PRIMEIRO EXAME*	*SEGUNDO EXAME*	*TERCEIRO EXAME*	*GALEGO*	*NOTA FINAL PROCESO SELECTIVO*
PORTAS MUINELO, CESAR	****4459***	*9,00*	*9,50*	*9,10*	*EXENTO*	*27,60*

Esta proposta de adxudicación de aspirante que superou o proceso ***enténdese elevada a definitiva se transcorrido o prazo epigrafiado, non se presentan reclamacións, quedando remitida ao órgano convocante para que continúe a súa tramitación.***

(...)"

Por todo o anteriormente exposto, no uso das atribucións que confire o artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e en virtude do decreto da Alcaldía número 4003/2026 do 12/05/2026, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Facer pública a relación do aspirante aprobado no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base vixésima das "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como ás prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por Acordo 10/857 da Xunta de Goberno, adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023:

1 praza de Oficial Vixiante Recadador/a:

PORTAS MUINELO, CÉSAR (DNI ***4459**)

SEGUNDO.- O aspirante aprobado, de conformidade coa base vixésimo primeira das Bases Xerais referidas, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), no prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que se publicou a relación de aprobadas/os no BOP de Lugo, os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria.

a) Declaración xurada de non estar separada ou separado do servizo das administracións públicas e non estar incursa ou incurso en ningún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

b) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función, excepto para as prazas reservadas a persoas con discapacidade, nas que haberá que estar ao disposto na base sétima.

c) Certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

d) Dúas fotografías tamaño carné.

Anuncio publicado en: Num BOP 265 año 2026 (18/11/2026 08:00:00)

e) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

Os/as aspirantes propostos/as que tivesen xa a condición de empregado público do Excmo. Concello de Lugo estarán exentos/as de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha Certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais no caso de acceder a prazas cuxas funcións e actividades impliquen contacto habitual con menores.

Ademais da documentación xeral, no caso de funcionarias/os de estados membros da Unión Europea, deberán presentar a documentación esixida pola Lei do 23 de decembro de 1993.

Os/as aspirantes aprobados/as que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados/as, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

TERCEIRO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Cúmprase.

Lugo, 10 de novembro de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Excma. Sra. dona María Elena Candia López.

R. 3136

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO PARA O EXERCIZO 2.027

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 12 de novembro de 2026, aprobou inicialmente o orzamento xeral do concello de Pedrafita do Cebreiro para o exercicio 2.027, así como as bases de execución, o cadro de persoal e o resto dos documentos anexos.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e disposicións concordantes, exponse ao público na secretaria deste Concello polo prazo de quince días hábiles –o cal comezará a contar dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia–, a fin de que durante o dito prazo se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, dirixidas estas ao alcalde desta corporación.

No caso de que transcorra o prazo citado sen que se presenten reclamacións, o orzamento quedará aprobado de xeito definitivo e se disporá a publicación do resumo por capítulos nos termos previstos polo artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004.

Pedrafita do Cebreiro, 13 de novembro de 2026.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 3137

Anuncio

O pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro, en sesión ordinaria celebrada en data 12 de novembro de 2026, aprobou inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº2/CE/2026 modificación orzamentaria n.º 20/2026 o que de conformidade co establecido no artigo 177, en relación do 169 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, exponse ó público por prazo de quince días, durante os cales, os interesados poderán examinalos e presentar as reclamacións ante o pleno.

Pedrafita do Cebreiro, 13 de novembro de 2026.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 3138

Anuncio publicado en: Num BOP 265 año 2026 (18/11/2026 08:00:00)